

## Cistite berrou AH! no Teatro Principal.

- [Lingua Castelá e Literatura](#) [1] |
- [SomosX](#) [2]

Aínda seguimos soñando. O venres 3 de maio, **CISTITE TEATRO**- o grupo de escénicas do IES Praia Barraña-, fixo o seu debut na *20 Mostra Intercentros* que se celebra en Santiago de Compostela. *Cistite Teatro* pisou o Teatro Principal con **AH!** un berro desgarrado contra o pensamento único, a rixidez ideolóxica e o acoso co que pretendemos remover as tripas dos que nos escoitan.

*Ah!* é o resultado dunha viaxe tan dura no emocional e no material como reconfortante. Para construír *Ah!* loitamos contra nós, con nós e tamén contra as carencias que presenta o noso centro. Unhas dificultades enormes ( carecemos dun espazo propio, dun escenario, de iluminación, de almacén, de vestiario...) que nos fixeron dubidar a aceptar a participación na *Mostra de Intercentros* que chegou da man dun querido compañeiro que confiou en nós. Dubidamos pero a emoción e o convencimento de que o que levabamos construíndo dende o mes de outubro podía saír do noso rincón levanounos a coller os bártulos e planear o noso aterraxe na capital. Tiñamos dúas semanas para adaptar a nosa underground proposta ao Teatro Principal. Uff! Díficil. Pensámolo, abrazámonos e berramos *Ah!* coa dignidade do minorizado, da resistencia e da rebeldía. Alá fumos coa nosa cama, as nosas xaulas e un subidón que nos facía rir, chorar e volver a rir. Un clásico en CISTITE; a emoción a flor de pel. Sempre.

Chegamos a Santiago de Compostela. Xoves, sol e vertixe. Uha hora para a montaxe, para coñecer o espazo, aos técnicos e equilibrar emoción e concentración. Consequímolos. Ao día seguinte actuaríamos no Teatro Principal. No medio unha noite de conversas nun albergue. O venres, as 10:30 abrimos portas. No público, alumnado de Rois, nais, pais, amigas, amigos, antigos estudantes do insti que nos quixeron arropar. Sentimos o calor e subiuse o telón. Comezamos cantando *Medo* e saímos berrando *Ah!* alto e forte. Con rabia e emoción. Dende CISTITE ao mundo.

## **Cistite berrou AH! no Teatro Principal.**

Publicado en IES Praia Barraña

(<https://www.edu.xunta.gal/centros/iespraiabarrana>)

---

## **Cistite berrou AH! no Teatro Principal.**

Publicado en IES Praia Barraña

(<https://www.edu.xunta.gal/centros/iespraiabarrana>)

---

## **Cistite berrou AH! no Teatro Principal.**

Publicado en IES Praia Barraña

(<https://www.edu.xunta.gal/centros/iespraiabarrana>)

---

## **Cistite berrou AH! no Teatro Principal.**

Publicado en IES Praia Barraña

(<https://www.edu.xunta.gal/centros/iespraiabarrana>)

---

## **Cistite berrou AH! no Teatro Principal.**

Publicado en IES Praia Barraña

(<https://www.edu.xunta.gal/centros/iespraiabarrana>)

---

## **Cistite berrou AH! no Teatro Principal.**

Publicado en IES Praia Barraña

(<https://www.edu.xunta.gal/centros/iespraiabarrana>)

---

## **Cistite berrou AH! no Teatro Principal.**

Publicado en IES Praia Barraña

(<https://www.edu.xunta.gal/centros/iespraiabarrana>)

---



**URL de Orixe (recibido en 22/09/2024 - 17:17):**

<https://www.edu.xunta.gal/centros/iespraiabarrana/node/715>

**Enlaces:**

[1] <https://www.edu.xunta.gal/centros/iespraiabarrana/taxonomy/term/58>

[2] <https://www.edu.xunta.gal/centros/iespraiabarrana/taxonomy/term/168>